



## XIV Torneo Tenis de Mesa Breogan Concello de Oleiros 2013

Este Torneo está encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM.

### LOCAL DE XOGO

Disputarase no Pavillón Polideportivo de Bastiagueiro. Rúa Uxio Novoneyra, s/n. I.E.S. María Casares, 15179 Oleiros.

### DATA e HORARIOS

Sábado 21 de Decembro de 2013, de 09,00 a 21:00. Categorias.  
Domingo 22 de Decembro de 2013, de 09,00 a 21:00: Absoluto Masc. e Fem.

### PROBAS A DISPUTAR

#### Sábado

Benxamin masculino e feminino (xogadores-as nados no 2004 e post)  
Alevín masculino e feminino (xogadores-as anos 2002 e 2003).  
Infantil masculino e feminino (xogadores-as anos 2000 e 2001).  
Cadete Masculino e Feminino (xogadores-as anos 1998 e 1999).  
Xuvenil masculino e feminino (xogadores-as anos 1996 e 1997).  
Sub 23 masculino e feminino (xogadores-as entre os anos 1991 ata 1995).  
Senior masculino e feminino (xogadores-as entre os anos 1975 e 1990).  
Veterans + 40 masculino (xogadores entre os anos 1965 e 1974).  
Veterans + 50 masculino (xogadores 1964 e anteriores).  
Veterans Femininas (xogadoras 1974 e anteriores).

#### Domingo

Absoluta masculina (xogadores de calquera idade).  
Absoluta feminina (xogadoras de calquera idade).

### PARTICIPACION

Libre en cada unha das probas.

Para poder celebrar unha proba terá que haber unha inscrición mínima de 8 participantes, no caso contrario, encadraríanse na inmediata superior.

## SISTEMA DE XOGO

De ser posible, e de acordo co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, cada proba disputarase en dúas fases: 1ª Fase: Formaranse grupos. Fase Final: Cadros eliminatorios. Os horarios de cada proba, faranse dependendo dos inscritos. As semifinais e finais de todas as categorías disputaranse ao final do día.

## ARBITRAXES

O Xuiz Arbitro será designado pola FGTM. Os ARBITROS serán os propios xogadores-as, o que non queira arbitrar, daraxelle por perdido o seguinte partido, nas Eliminatorias os eliminados serán os arbitros, as rondas de semifinais e finais serán arbitradas por arbitros designados pola Organización.

## INSCRICIÓN

Os clubs interesados en participar neste torneo , pertencentes á Federación Galega de Tenis de Mesa, deberán facelo a través do formulario que xa está a disposición deles dende a sección de FORMULARIOS da páxina da Federación Galega de Tenis de Mesa, antes das **22,00 horas do día 6 de Decembro** de 2013. Os clubs non pertencentes á FGTM formalizarán a súa inscrición via e-mail a seguinte dirección: [secretariafgtm@fgtm.es](mailto:secretariafgtm@fgtm.es)

Ao non estar afiliados a FGTM, deberán facilitar Nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen.

## NOTAS

- Habrá trofeos para os dous primeiros clasificados de cada proba disputada, terceiro e cuarto levarán medallas.
- A participación mínima por proba será de 8 xogador@s.
- Non se permitirá a inscrición no mesmo día en mais dunha proba, a non ser que non interfíran.
- O Comité de Organización deste torneo, xunto co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, poderán facer os cambios que estimen oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.
- A participación neste torneo implica a aceptación de todo o exposto anteriormente.

Teléfono de Contacto para calquer dubida ou aclaración:  
Jesús Valiño , Telf.: 629888938